

Concello de Xove

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE MARZO DE 2011.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día catorce de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 14 de febreiro de 2011.

Non habendo reclamacións, queda aprobada por unanimidade a acta de 14 de febreiro de 2011.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. FRANCISCO FRAGA PARGA RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA CONSTRUCCION DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN CRUCEIRO (XUANCES)

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. Francisco Fraga Parga con DNI: 33.995.171-K con domicilio en Lodeiro, 14 2º b (27850 Viveiro) de *prórroga de licenza de obra* para a construción de vivenda unifamiliar ubicada no burgo de Cruceiro s/n (Xuances) .- **Expediente nº: 670/11** .- Poligono Nº 21 Parcela Nº 100 – Referencia catastral:27025A021001000000JX

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º.-*O solicitante obtivo a pertinente licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Prieto Martínez, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 07 de ABRIL do ano 2.008.*
- 2º.-*Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se sitúa a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización das obras que a están executando, ao amparo do articulo 197.2 da LOUGA, Lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.*
- 3º.-*Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do ano 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.*
- 4º.-*Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que ás obras que se pretenden executar, sitúanse en ámbolos dous casos dentro de Solo do Núcleo rural de Xove, e a mesma se encontra totalmente executada no que ao seu volume e cerramentos se refire, así coma a cuberta da mesma, polo que pódese outorgar a prórroga da licenza que se solicita.*

5º.-Esta prórroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

6º.-Asimesmo se recorda a obrigatoriedade, unha vez rematadas as obras, de solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, co aportación entre outra documentación, dos planos de estado definitivo cos cambios que puideran haber, así coma a valoración dos mesmos e a súa xustificación urbanística.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para a construción de vivenda unifamiliar en Cruceiro (Xuances).

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.2) SOLICITUDE DE D. JOSE RAMÓN MIGUEZ GONZÁLEZ, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. José Ramón Míguez González, con D.N.I. nº 77.593.724-G con domicilio en c/Apeadero, s/n (27870 Xove) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Portocelo.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

Expediente: 677/11

- Obra Prevista En Proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en PORTOCELO.- XOVE.- Vivenda unifamiliar composta de semisótano, planta baixa e unha altura.
- Obra Executada: Vivenda unifamiliar composta de semisótano, planta baixa, e unha altura con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. **Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.**

INFORMA que:

- Inicialmente as obras estaban promovidas pola empresa Construcciones Os Molineros S.L a quen se lle outorgou a licenza de obra, pasando a cambio de titularidade a favor do solicitante, D.José Ramón Míguez González o 14 de outubro de 2009, en Xunga de Goberno Local de dita data.
- Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.
- O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.
- A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.
- Ordenanza de aplicación. -Solo non urbanizable de núcleo rural.
- A obra executada, adáptase a Normativa.
- Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza De Primeira Utilización.
- presuposto proxecto de Execucion-liquidacion final: 59.935,84€
- Valoración Licenza Primeira Utilización 0,5% s/p: 299,68€
- Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Portocelo que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 299,68€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE FEBREIRO-MARZO DE 2011.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de febreiro-marzo de 2011 por importe de 355,26€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ARRANXO DE ENTORNO DE VIVENDA HABITADA A D^a MARINA BERMUDEZ COCIÑA EN TORRE, 1 SUMOAS.

Vista solicitude formulada por D^a Marina Bermúdez Cociña con D.N.I nº: 33.705.928-A con domicilio en Torre, 1 (27878 Sumoas) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 17/1/2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.2) SOLICITUDE DA COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DE “URBANIZACIÓN PALMEIRO, 34-36 (RIGUEIRA)”, PARA PINTADO DE BORDILLO NA ACERA SITA NO FRONTE DOS EDIFICIOS.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Fernández Gómez en representación da Comunidade de Propietarios de “Urbanización Palmeiro, 34-36”, para a realización de obras de pintado de do bordillo da acera que está enfronte ós portais da Comunidade en color amarelo, para que así a entrada ós portais quede libre do estacionamento de vehículos, e facilite a entrada e saída.

*Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que fronte a ditos portais ubícase un zona de aparcamentos, e o pintado desta beirarúa mermaría a funcionalidade dos mesmos, ó converterse este espazo nun vado permanente. Na actualidade, os accesos aos portais están plenamente garantizados por cada un dos extremos da beirarúa que da fronte ao bloque onde se ubican estes dous portales. Polo anteriormente exposto, este técnico entende que **non procede** acceder ao solicitado.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Desestima-la solicitude, en base ó informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.3) ACORDO DE DEVOLUCIÓN DO AVAL CONSTITUÍDO POR CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA S.L. PARA AS OBRAS DE

URB. CAMIÑO REAL DESDE CALLE ACC. GRUPO ESCOLAR ATA RUA CHOZOS).

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal en relación á petición de devolución de aval de “La Caixa” por importe de 7.704,29€, constituído para responder da correcta execución da obra Urbanización del Camino real, desde la Calle de acceso al Grupo Escolar hasta la Rúa Os Chozos.(Xove).”, que sinala que “De acordo coa documentación que se achega, e unha vez inspeccionados os traballos realizados, pola execución dos cales se tivo que efectuar o pertinente aval, ditos traballos se efectuaron en perfectas condicións, así como a reposición dos elementos afectados, podendo procederse á fianza depositada no seu día.

- Fecha de acta de recepción única: 03-12-2.009
- IMPORTE DE AVAL: 7.704,29€

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º) A cancelación e devolución da garantía constituída pola empresa Construcciones y Canalizaciones Jose Saa S.L. mediante aval por importe de 7.704,29€, para responder ante o Concello de Xove pola obra **“Urbanización del Camino real, desde la Calle de acceso al Grupo Escolar hasta la Rúa Os Chozos.(Xove).”**; autorizándose a cancelación do mesmo.

2º) Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

D.4) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN “ASPANANE” DE AXUDA ECONÓMICA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS.

Visto o escrito de D^a Mercedes Varela Bolón, como Presidenta da Asociación de Pais de Nenos e Adolescentes con Necesidades Especiais (ASPANANE) da comarca de Viveiro, con domicilio a efectos de notificación en R/ Lavandeiras, S/N (27863 Celeiro Viveiro) no que solicita unha subvención para o financiamento do transporte de persoas con discapacidade intelectual (PCDI) do Concello de Xove ata o Centro Ocupacional e o centro de día de Aspanane, e nas actividades deportivas, de tempo de lecer, culturais e de apoio familiar.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.010.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 231.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 600€ para o financiamento das devanditas actividades da ASPANANE.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 420€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 600€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción.

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.

- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumpri-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.5) SOLICITUDE DO CLUB NATACIÓN XOVE DE AXUDA ECONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO E A COMPETICION A NIVEL REGIONAL E NACIONAL.

Visto o escrito de D. José Míguez Valella, como Presidente do Clube Natación Xove, con domicilio a efectos de notificación en Centro Cívico S/N (27870 Xove) no que solicita unha subvención para o desenvolvemento e a competición do Clube Natación Xove.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento para 2.010.

Vista a existencia de crédito para o gasto no vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 30.000€ para o financiamento das actividades do Clube Natación do 1 de setembro ó 30 de agosto de 2011.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 21.000€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 30.000€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción.

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumpri-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

- Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.
- 5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.6) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAÍÑAS, DE AXUDA ECONÓMICA PARA ACTIVIDADES 2011.

Visto o escrito de D^a Leticia Míguez Baño, como Tesoreira da Asociación Cultural Saíñas, con domicilio a efectos de notificación en c/Camiño Real SN(Edificio do Concello) no que solicita unha subvención para o financiamento de actividades 2011 coa finalidade da conservación e difusión da música e do baile tradicional galego, coa realización de festas e actos culturais.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a existencia de crédito para o gasto no vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 18.000€ para o financiamento de actividades durante 2011.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 12.600€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 18.000€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumpri-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.7) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE A CAMBA-XUANES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. n° 76.569.629 F, con enderezo no Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o 01/09/2010 ó 28/02/2011, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederese no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.8) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR M^a JOSEFA PITA VAL.

Vista solicitude formulada por D^a María Josefa Pita Val con D.N.I. n° 76.556.990-H con domicilio en Cruceiro, 28 (27877 Xuances) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 12 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de M^a Josefa Pita Val como beneficiaria do mesmo, durante 12 horas semanais; non debendo aboar importe ningún. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

D.9) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a ELVIRA CASABELLA FERNÁNDEZ.

Vista solicitude formulada por D^a Elvira Casabella Fernández con D.N.I. n° 33.764.033-X con domicilio en Cabo, 5 (27878 Sumoas), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a Elvira Casabella Fernández como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 2,60€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

D.10) SOLICITUDE DE D. JUAN JOSE ROLLE LOPEZ DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN VILAR Nº9 (LAGO)

Vista solicitude presentada por D. Juan José Rolle López, con D.N.I. nº: 33.840.245-T con domicilio en Camiño Real, 34 4º D (27870 Xove), para entroncamento de auga para vivenda unifamiliar sita en Vilar, 7 (Lago), por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 10 metros de tubería de 25 Atm.U.A e colocación dun contador de auga por parte do interesado e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 303,00€ ω seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de fundición	23,63€
1 Mamelón de 1" latón	2,61€
4 Mano de obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
10 Metros canalización	30,00€
1 Redución de 1" - ¾ latón	1,40€
1 Redución de ¾ a ½ latón	0,84€
2 Terminais de 25 -3/4 latón.....	7,86€
10 Metros de tubo de 25 en 10 Atm	17,05€
1 Válvula esférica de ¾	5,55€
1 Válvula esférica de 1"	8,98€
Subtotal:	256,78€
IVA 18%:	46,22€
TOTAL	303,00€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Juan Jose Rolle López para vivenda unifamiliar sita en Vilar nº 7 – Lago.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Recordáselle á obrigatoriedade da colocación dun contador de auga nun lugar visible e de fácil acceso dende a vía pública.

D.11) INFORME SOBRE DANOS PROVOCADOS POR VEHÍCULO MUNICIPAL.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido polos Servizos Municipais que a seguir se transcribe íntegramente:

“En referencia ó sinistro con número de expediente 40110058194001 en relación coa póliza nº 0960970102541 que o Concello ten contratado coa aseguradora MAPFRE e respecto da reclamación por rotura de cristales edificio en Palmeiro, producido por un vehículo municipal, os perxudicados por dito sinistro solicitaron e aportaron os presupostos correspondentes que foron aprobados pola aseguradora coas seguintes cuantías:

PORTAL 3:

- *Piso 1ª A: Sonia Balseiro - 713 Euros*
- *Piso 2ª A: Anselmo Cocho - 557 Euros.*
- *Piso 1º B, 2º B e 3º A propiedade da Inmobiliaria Helmancasa S.L -1.195 Euros*

PORTAL 5:

- *Piso 1º B: Helmancasa S.L - 249 Euros*
- *Piso 2º B: Helmancasa S.L. - 261 Euros*
- *Piso 3º B: Helmancasa S.L. -165Euros*
- *Piso 3º A: Helmancasa S.L. - 84 Euros*

O total dos danos ascende a 3.737 Euros.

Debido a que a póliza contratada reflexa a existencia dunha franquicia de 600 Euros, a aseguradora farase cargo do montante total a excepción da mencionada franquicia, que terá que aboar o Concello a partes iguais entre os tres perxudicados, de ahí que a cada perxudicado correspondelle cobrar 200 Euros. De todo esto informo os efectos de facer efectivo o antedito pagamento, en Xove a 18 de Febreiro de 2011.”

Enterada, a Xunta de Goberno Local, acorda aboar as indemnizacións reflectidas no informe anteriormente transcrito.

D.12) INFORME SOBRE DANOS PROVOCADOS POR CONTENEDOR MUNICIPAL.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido polos Servizos Municipais que a seguir se transcribe íntegramente:

“O pasado 28/02/2011 producese, nas inmediacións do Colexio Pedro Caselles Rollan en Xove, un sinistro donde por efectos do vento se desplazou un contenedor de basura que se atopaba mal anclado e impactou contra o vehículo de matrícula 5931-GBV da marca Peugeot 307Break/SW.

Debido a que a póliza que o Concello de Xove ten contratada coa aseguradora MAPFRE para paliar as consecuencias de sinistros deste tipo ten unha franquicia de 600 Euros e posto que o presuposto de reparación e peritación adxunto é inferior a dita cantidade, o Concello ten que facerse cargo do montante total de dita reparación, que ascende a 411,82 Euros; tendo como beneficiaria Dna. María Gema Salgueiro Maseda con DNI 77.597.488-L con domicilio en Acceso Grupo Escolar N° 7 3ª Izqu. 27870 Xove (Lugo).

De todo esto informo os efectos de facer efectivo o antedito pagamento, en Xove a 15 de marzo de dous mil once.”

Enterada, a Xunta de Goberno Local, acorda aboar a indemnización reflectida no informe anteriormente transcrito.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.